

ASUNTO: orzamentos 2016.

Xunto achégase a documentación relativa ao “estado de previsión de ingresos e gastos para o exercicio 2016” da Sociedade:

- Programa anual de actuacións, investimentos e financiamento 2016 (previsión de ingresos e gastos, estado de investimentos a efectuar e fontes de financiamento e previsión da conta de perdas e ganancias para o exercicio 2016).
- Certificación de aprobación dos orzamentos, en Consello de Administración celebrado o 11 de xaneiro de 2016.
- Informe sobre o cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria.
- Desagregación por capítulos.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2016.


O DIRECTOR XERENTE,
Asdo./José Ramón Mosquera Ferreiro

INTERVENCIÓN

FRANCISCO JAVIER CASTIÑEIRA IZQUIERDO, secretario da SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SA (TUSSA)

CERTIFICO:



Que o Consello de Administración de TUSSA, na sesión ordinaria que tivo lugar o 11 de xaneiro de 2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ESTADO DE PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS DA SOCIEDADE PARA 2016.

Aprobar a proposta de orzamento da sociedade para a anualidade 2016, que se recolle nos seguintes documentos: previsión de ingresos e gastos para o exercicio 2016, estado de investimentos a efectuar durante o exercicio e fontes de financiamento e estado previsional da conta de perdas e ganancias para o exercicio 2016; documentos que figuran a continuación, todos eles coa miña rúbrica.

Para que conste para os efectos oportunos, asino a presente certificación co visto e prace do Sr. presidente, en Santiago de Compostela o vinte e oito de xaneiro de dous mil dezaseis.

Visto e prace,
O PRESIDENTE



PROGRAMA ANUAL DE ACTUACIÓNS, INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO 2016

ESTADO DE PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS PARA O EXERCICIO 2016

**Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de
Santiago, SA**

ÍNDICE

1. MEMORIA DE ACTIVIDADES
2. PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS PARA O EXERCICIO 2016
 - 2.1. RESUMO DA PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS
 - 2.2. DETALLE DAS PARTIDAS DE INGRESOS
 - 2.3. DETALLE DAS PARTIDAS DE GASTOS
3. ESTADO DE INVESTIMENTOS A EFECTUAR DURANTE O EXERCICIO 2016
E FONTES DE FINANCIAMENTO
4. PREVISIÓN DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS PARA O EXERCICIO 2016

1. MEMORIA DE ACTIVIDADES

A Sociedade Municipal TUSSA, no marco do obxecto social que recollen os estatutos, e como medio propio e servizo técnico do Concello de Santiago, realiza as seguintes actividades:

- De acordo co obxecto social da empresa, TUSSA encárgase da instrumentación das **políticas de transporte** público urbano de viaxeiros e da coordinación doutros sistemas de transporte que serven ás necesidades da cidade.

Neste sentido, coa encomenda da xestión do prego e contrato do transporte urbano, TUSSA, ademais das funcións de asesoramento realiza labores de control do servizo desde o punto de vista técnico. É de destacar o esforzo no ámbito da información e de promoción, realizando directamente ou colaborando en campañas de dinamización e promoción do transporte urbano.

Así mesmo, resulta evidente que unha das patas máis importantes da mobilidade é, sen dúbida, o transporte urbano e a súa coordinación co metropolitano, aspectos nos que traballamos na actualidade, e entendemos que se debería aproveitar o momento para aumentar a capacidade real e activa non só a nivel de xestión.

Outro dos aspectos nos que traballamos é a relación e interlocución directa coas asociacións de veciños da Cidade.

É preciso poñer en valor a coordinación cos distintos departamentos municipais, o que permite traballar de xeito conxunto para resolver da maneira máis axeitada posible as situacións derivadas de obras, manifestacións e outros eventos que, nunha cidade como Santiago, son de especial relevancia.

- Dende o 2001 xestiona de forma directa o **aparcadoiro vixiado de Xoán XXIII**, froito da encomenda de xestión realizada polo Concello.
- No ano 2004 encargouse por parte do Concello, e mediante encomenda de xestión, a explotación da **superficie de Belvís** e da **dársena de autobuses de Xoán XXIII**.
- En 2005, o Concello cedeu a TUSSA a concesión da explotación do servizo público da **estación de autobuses**.
- En 2010 a Sociedade acometeu a obra de **construción do aparcadoiro de borde de Santa Marta**, logo de que o Concello adscribira a TUSSA os terreos necesarios para facelo. A actividade iniciouse a principios de xullo de 2010. Na actualidade a

superficie funciona como área de libre estacionamento, polo que non comporta ingresos para a Sociedade.

A adscrición, que fora realizada por un período de 4 anos, prorrogables por dous máis, a contar desde a publicación do acordo de 29-10-2009 de ampliación do uso das parcelas obxecto de adscrición (BOP de 9 de decembro de 2009) remata o 8 de decembro de 2015. Tendo en conta o servizo que se está ofrecendo, entendemos que é importante continuar coa explotación das parcelas, polo que desde a Xerencia proporase ao Consello de Administración solicitar a continuidade da adscrición.

- En xullo de 2010 o Concello concedeunos a explotación do **aparcadoiro de borde de Salgueiriños**, logo de acometer a obra de acondicionamento da parcela cedida temporalmente mediante unha autorización especial de uso pola Xunta de Galicia. Desde esa data xestionamos o aparcadoiro mediante a aprobación de prórrogas anuais autorizadas pola Xunta de Galicia. A última prórroga aprobada rematou o 31 de decembro de 2014.

Tendo en conta que non era posible seguir prorrogando a autorización especial de uso da parcela (segundo a información subministrada por parte da Xunta de Galicia), dende TUSSA, por acordo do Consello de Administración de 21 de novembro de 2014, acordouse solicitar ao concello a tramitación ante a Xunta de Galicia da solicitude de concesión demanial da devandita parcela, aos efectos de poder seguir prestando o servizo de aparcadoiro público.

Tussa continúa coa explotación da superficie nas mesmas condicións da autorización especial de uso realizada inicialmente pola Xunta, á espera de que se resolva o expediente de solicitude de concesión demanial.

Polo que respecta aos aparcadoiros, TUSSA xestiona varias instalacións ao longo da Cidade, cunha política de tarifas moi económicas, como non podía ser doutro xeito. O reto é asumir un maior control sobre infraestruturas deste tipo que permita mitigar a influencia do tráfico de éxtase e/ou parásito.

Tendo en conta o que antecede, os obxectivos da Sociedade enmárcanse, en xeral, en ofrecer aos cidadáns solucións que permiten unha mellora global na mobilidade da Cidade, tanto no eido do transporte urbano como metropolitano (coa xestión da estación de autobuses); e tamén no eido do estacionamento, coa xestión de aparcadoiros convencionais e de borde.

Neste sentido estamos abertos aos retos que se nos propoñan desde o Concello e que poidan incidir positivamente na consecución deses obxectivos.

2. PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS PARA O EXERCICIO 2016

Os orzamentos que se presentan recollen o detalle dos gastos, das actuacións e dos investimentos previstos para o exercicio 2016, que se realizarán con cargo aos ingresos xerados polas instalacións xestionadas por TUSSA.

2.1 RESUMO DA PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS

As previsións iniciais que se establecen para o exercicio 2016 recóllense resumidas nas seguintes partidas co detalle do IVE:

	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL
INGRESOS	1.483.022,56 €	311.434,74 €	1.794.457,30 €
Aparcadoiros	1.053.185,08 €	221.168,87 €	1.274.353,95 €
Estación Autobuses	428.037,48 €	89.887,87 €	517.925,35 €
Outros ingresos	1.800,00 €	378,00 €	2.178,00 €
GASTOS, ACTUACIÓNS E INVESTIMENTOS	1.483.022,56 €	118.124,42 €	1.601.146,98 €
GASTOS E PERSOAL			
Soldos e salarios	649.911,94 €	0,00 €	649.911,94 €
Cargas sociais	203.454,31 €	0,00 €	203.454,31 €
Outros	16.255,02 €	0,00 €	16.255,02 €
GASTOS E SERVIZOS XERAIS	396.945,00 €	72.668,60 €	469.613,60 €
GASTOS DAS ACTUACIÓNS PARA 2016			
Plan de mantemento das marquesiñas do rural	14.000,00 €	2.940,00 €	16.940,00 €
Campañas de promoción e dinamización dos sistemas de transporte	15.175,30 €	3.186,81 €	18.362,11 €
Estudos e proxectos de mobilidade (rede de tte. e explotación aparcad.)	50.000,00 €	10.500,00 €	60.500,00 €
Reparación do firme dos aparcadoiros, pintado e outras actuacións	59.500,00 €	12.495,00 €	71.995,00 €
INVESTIMENTOS			
Investimentos en bens materiais	49.280,99 €	10.349,01 €	59.630,00 €
Investimentos en bens intanxibles	28.500,00 €	5.985,00 €	34.485,00 €
RESULTADO CONTABILIDADE ORZAMENTARIA	- 0,00 €	193.310,32 €	193.310,31 €
AXUSTES DE BALANCE E CONTABLES			
Axustes negativos (amortización do inmovilizado)	-69.257,87 €		-69.257,87 €
Axustes positivos (importe investimentos)	77.780,99 €		77.780,99 €
Axustes de IVE			
IVE repercutido			-311.434,74 €
IVE soportado			118.124,42 €
RESULTADO CONTABLE (antes de impostos)	8.523,12 €		8.523,12 €

2.2 DETALLE DAS PARTIDAS DE INGRESOS

A Sociedade afronta o exercicio 2016 cunha previsión de ingresos globais un 7,31% superior ao presupostado para o 2015.

A teor da situación actual do IPC, a previsión de cara a final de ano é que o índice vai ser moi pouco significativo. Tendo isto en conta, **proponse a conxelación das tarifas para 2016**, presentándose os ingresos calculados en base ás tarifas actuais.

A previsión de ingresos dos **aparcadoiros** con respecto a 2015 é a seguinte:

- Aparcadoiro de Xoán XXIII. A previsión para 2016 no que respecta aos ingresos de rotación é de melloría substancial con respecto á previsión de 2015 (un 29% máis). Esta previsión susténtase na evolución dos ingresos no que vai de 2015 e tamén na incidencia da celebración do *Xubileo Extraordinario da Misericordia* na nosa cidade.
- Dársena de autocares de Xoán XXIII: tendo en conta a tendencia de 2015, para o ano 2016 prevemos un crecemento por enriba do 28% (a tendencia é semellante á do aparcadoiro).
- Aparcadoiro de borde de Salgueiriños: a estimación para 2016 está por debaixo da prevista para 2015. Os datos da superficie no que vai de ano reflicten que non se vai cumprir a previsión realizada nos orzamentos, polo que, aínda que agardamos que a celebración do Xubileo Extraordinario vai ter, a bo seguro, unha incidencia positiva na instalación, optouse por unha previsión conservadora.
- Aparcadoiro de Belvís. Os datos da superficie no que levamos de 2015 melloran claramente os da previsión orzamentaria. É por isto que para 2016 estimamos uns ingresos por rotación un 6,80 % superiores aos dos orzamentos pasados.

Ademais dos estacionamentos mencionados, TUSSA xestiona a área de libre estacionamento de Santa Marta, que día a día está a incrementar o seu uso, chegando a preto dunha media diaria de 100 vehículos, que aínda afastado da situación ideal, tradúcese nun paulatino aumento do coñecemento do estacionamento por parte dos usuarios e por tanto unha solución gratuíta que favorece o estacionamento nunha zona sobrecargada. Tal e como se comentou nos antecedentes, a adscrición da parcela remata a finais deste ano.

Globalmente, a estimación dos ingresos dos aparcadoiros sube por enriba do 13 % con respecto a 2015.

En canto aos ingresos da **estación de autobuses**, redúcense nun 5,32% con respecto á previsión para 2015. Nesta redución ten incidencia directa as conversas coa empresa de transportes Arriva Noroeste, xa que, ademais de ter denunciado o concerto por redución de expedicións e de viaxeiros contempla deixar de estacionar na estación así como abandonar os locais alugados.

A continuación detállanse os ingresos por instalación e por produto ou servizo:

INGRESOS DOS APARCADOIROS	1.053.185,08 €
----------------------------------	-----------------------

INGRESOS DE ROTACIÓN

APARCADOIROS	Vehículos	Tarifa media	Ingresos
Xoán XXIII	165.000	2,75	453.750,00 €
Dársena	14.000	11,98	167.720,00 €
Belvís	77.500	2,28	176.700,00 €
Salgueiriños	22.000		61.153,72 €
Total ingresos rotación			859.323,72 €

INGRESOS DE ABONADOS E BONOS

XOÁN XXIII	Nº	Ingresos
Abonados 24 horas	178	104.558,08 €
Abonados diúrno	3	1.566,15 €
Abonados nocturno	1	391,54 €
Abonados moto	3	1.305,22 €
Colexio	16	4.145,45 €
Bonos 24 horas	56	30.153,45 €
Bonos diúrno	34	16.270,55 €
Bono turista	250	6.198,35 €
Total ingresos abonados e bonos		164.588,79 €

BELVÍS	Nº	Ingresos
Mañá	10	4.024,46 €
Tarde	1	402,45 €
Diúrno	12	6.264,60 €
Nocturno	3	1.011,57 €
24 horas	13	8.766,94 €
Universidade	16	5.902,55 €
Bono turista	0	- €
Total ingresos abonados e bonos		26.372,57 €

VENDING

APARCADOIROS	Ingresos
Xoán XXIII	1.000,00 €
Belvís	1.900,00 €
Total ingresos por vending	2.900,00 €

INGRESOS DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES	428.037,48 €
--	---------------------

CONCEPTO	Ingresos
Concertos e alugueiros	264.691,00 €
Alugueiro oficinas municipais	79.491,48 €
Outros alugueiros	19.955,00 €
Facturación	11.000,00 €
Consignas	20.000,00 €
Explotación surtidor e tren de lavado	16.900,00 €
Vending	16.000,00 €

OUTROS INGRESOS	1.800,00 €
------------------------	-------------------

TOTAL INGRESOS PREVISTOS	1.483.022,56 €
---------------------------------	-----------------------

2.3 DETALLE DAS PARTIDAS DE GASTOS

A Sociedade afronta o 2016 cunha previsión de gastos globais un 11,58 % superior ao presupostado para 2015.

É preciso destacar que o importe global da partida de *gastos de persoal* supón case o 60% do orzamento, sendo o volume de *gastos e servizos correntes* de arredor dun 27% do orzamento total.

Un ano máis, faise un esforzo na contención dos gastos e servizos xerais (arredor dun 2% menos que en 2015).

- GASTOS DE PERSOAL**

A partida de gastos de persoal ten a seguinte desagregación para o 2016:

TRABALLADORES	Salario sen antigüidade	Antigüidade	Total salario	Seguridade Social	TOTAL
Axente	14.928,510	1.125,450	16.053,960	5.137,270	21.191,230
Axente	14.928,510	1.125,450	16.053,960	5.137,270	21.191,230
Axente	14.928,510	1.125,450	16.053,960	5.137,270	21.191,230
Axente	14.928,510	937,850	15.866,360	5.077,240	20.943,600
Axente	14.928,510	1.125,450	16.053,960	5.137,270	21.191,230
Axente	14.928,510	975,370	15.903,880	5.089,240	20.993,120
Axente	17.000,810	2.250,900	19.251,710	6.160,550	25.412,260
Axente	14.928,510	1.125,450	16.053,960	5.137,270	21.191,230

Axente	14.928,510	562,650	15.491,160	5.143,070	20.634,230
Axente	14.928,510	1.125,450	16.053,960	5.329,910	21.383,870
Axente	14.928,510	862,810	15.791,320	5.242,720	21.034,040
Axente	14.928,510	562,650	15.491,160	5.143,070	20.634,230
Axente	14.928,510	975,370	15.903,880	5.089,240	20.993,120
Axente	16.339,940	2.250,900	18.590,840	5.949,070	24.539,910
Axente	16.612,010	2.250,900	18.862,910	6.036,130	24.899,040
Axente	14.928,510	1.125,450	16.053,960	5.137,270	21.191,230
Axente	14.928,510	1.125,450	16.053,960	5.137,270	21.191,230
Axente	17.616,970	1.688,100	19.305,070	6.177,620	25.482,690
Axente	14.928,510	562,650	15.491,160	4.957,170	20.448,330
Axente	11.663,670	439,650	12.103,320	4.139,340	16.242,660
Axente	11.663,670	0,000	11.663,670	3.988,980	15.652,650
Axente	11.663,670	439,650	12.103,320	4.139,340	16.242,660
Director xerente	49.991,760	4.999,120	54.990,880	13.985,280	68.976,160
Retrib. variable xerente (15%)	8.248,630		8.248,630		8.248,630
Técnico	34.954,920	5.243,280	40.198,200	12.863,420	53.061,620
Técnico	34.954,920	6.616,520	41.571,440	13.302,860	54.874,300
Técnico	34.954,920	0,000	34.954,920	11.185,570	46.140,490
Administrativo	21.676,980	2.267,550	23.944,530	7.662,250	31.606,780
Administrativo	16.292,920	1.629,320	17.922,240	5.735,120	23.657,360
Encargado	21.272,960	2.372,250	23.645,210	7.566,470	31.211,680
Inspector	19.641,160	1.186,050	20.827,210	6.664,710	27.491,920
TOTAL SALARIO FIXO	568.477,56	48.077,14	616.554,70	192.589,26	809.143,96

Retribución variable	IMPORTE	Seguridade social	TOTAL
Noites Xoán XXIII	4.566,150	1.461,170	6.027,320
Festivos Xoán XXIII	3.548,160	1.135,410	4.683,570
Presenza Xoán XXIII	3.766,800	1.205,380	4.972,180
Noites Belvís	4.566,150	1.515,960	6.082,110
Festivos Belvís	2.661,120	883,490	3.544,610
Presenza Belvís	2.825,100	937,930	3.763,030
Noites estación	284,700	91,100	375,800
Festivos estación	3.548,160	1.135,410	4.683,570
Presencia estación	4.404,060	1.409,300	5.813,360
Festivos Salgueiriños	1.720,320	588,350	2.308,670
Presenza Salgueiriños	1.466,520	501,550	1.968,070
TOTAL SALARIO VARIABLE	33.357,24	10.865,05	44.222,29

TOTAL SALARIO FIXO E VARIABLE	649.911,94	203.454,31	853.366,25
--------------------------------------	-------------------	-------------------	-------------------

Axustes previsión salarial	12.314,41	3.940,610	16.255,02
-----------------------------------	------------------	------------------	------------------

TOTAL SALARIOS	Seguridade social	TOTAL CUSTO
662.226,35	207.394,92	869.621,27

De acordo co que establece a Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2016, os salarios experimentan un incremento do 1% con respecto aos vixentes a 31 de decembro de 2015 (a excepción do persoal que está por convenio, ao que se lle actualizará o salario en función do propio convenio).

- GASTOS E SERVIZOS XERAIS**

A desagregación dos gastos xerais é a seguinte:

Título/gasto	IMPORTE
Alugueiros	1.400,00 €
Mantemento fotocopiadora	1.300,00 €
Reparación e conservación construcións	90.500,00 €
Reparación e conservación inst. técnicas e outras instalacións	30.000,00 €
Reparación e conservación equipos proceso información	3.200,00 €
Reparación e conservación elementos transporte (3 vehículos)	2.000,00 €
Servizos de profesionais independentes	19.660,00 €
Gastos transportes (empresas tte. Facturación E. BUSES)	10.200,00 €
Primas de seguros	12.000,00 €
Servizos bancarios e semellantes	2.600,00 €
Gastos de publicidade	2.000,00 €
Subministros (auga, luz, combustible)	93.300,00 €
Gastos de dietas e viaxes	1.600,00 €
Teléfono, fax, correos, mensaxería	12.900,00 €
Consellos de Administración e outras comisións	1.500,00 €
Material de oficina	3.700,00 €
Produtos limpeza e outros subministros (roupa traballo)	7.400,00 €
Tickets e tarxetas aparcadoiros	2.150,00 €
Contrato seguridade E. BUSES	57.000,00 €
Páxina Web, servidor	850,00 €
Formación persoal e gastos sociais (vixil. saúde e prevenc., seg. convenio)	4.000,00 €
Gastos financeiros	400,00 €
Tributos	37.285,00 €
GASTOS E SERVIZOS XERAIS	396.945,00 €

- GASTOS DAS ACTUACIÓNS PARA 2016

ACTUACIÓNS	IMPORTE
Plan de mantemento das marquesiñas do rural	14.000,00 €
Campañas de promoción e dinamización dos sistemas de transporte	15.175,30 €
Estudos e proxectos de mobilidade (rede de tte. e explotación aparcadoiros)	50.000,00 €
Reparación do firme dos aparcadoiros, pintado e outras actuacións	59.500,00 €
TOTAL	138.675,30 €

Plan de mantemento das marquesiñas do rural. Trátase de dar continuidade á labor iniciada en 2009, e que conta coa aprobación de todos os colectivos cidadáns implicados na mesma. O importe consignado está previsto para dúas actuacións nas que se contempla a limpeza e reparación das marquesiñas e para atender reparacións puntuais.

No tocante ás actuacións, compre destacar que as **campañas de promoción e dinamización dos sistemas de transporte e os estudos e proxectos de mobilidade**, van unidas.

O vindeiro ano remata o actual contrato de xestión interesada do transporte urbano da cidade, este feito supón un importante esforzo tanto de cara a atopar o mellor modelo de xestión posible como para analizar de xeito pormenorizado as necesidades dos usuarios do transporte. É evidente que se abre un proceso de análise das actuais relacións de mobilidade e de como debemos afrontar a nova rede de transporte urbano para que deste xeito se dea unha maior cobertura tanto territorial como horaria.

Do parágrafo anterior despréndense por tanto profundos cambios na rede; estes cambios deberán ser informados aos usuarios, tendo que realizar por tanto un importante esforzo tanto dende o punto de vista informativo como participativo.

Reparación do firme dos aparcadoiros, pintado e outras actuacións. O importe que se destina debe servir para acometer actuacións de diferente índole, segundo as necesidades de cada instalación.

3. ESTADO DE INVESTIMENTOS A EFECTUAR DURANTE O EXERCICIO 2016 E FONTES DE FINANCIAMENTO.

INVESTIMENTOS	IMPORTES
Maquinaria de entrada e saída aparcadoiro Xoán XXIII (170.000 €)	3.000,00 €
Renovación material informático e ofimático	4.958,68 €
Postes electrónicos para o servizo de transporte urbano	41.322,31 €
Renovación páxina web	16.500,00 €
Desenvolvemento plataformas de información	12.000,00 €
TOTAL	77.780,99 €

A adquisición da **maquinaria de entrada e saída do aparcadoiro de Xoán XXIII** xa fora incluída nos orzamentos de 2015 pero non se chegou a executar.

Á hora de afrontar o cambio de maquinaria, hai que ter en conta o tipo de usuarios de Xoán XXIII, en gran parte turistas, o que implica que o cambio de maquinaria se debe facer nos meses de menor afluencia, é dicir, no período de outubro a marzo, aos efectos de causar o menor prexuízo posible.

Dado que non foi posible afrontar o concurso para a renovación da maquinaria no presente exercicio, é polo que se traslada dito investimento ao exercicio 2016.

A maquinaria do aparcadoiro de Xoán XXIII instalouse a finais do ano 2003, polo que cando se leve a cabo o cambio dita maquinaria estará totalmente amortizada.

Só quedarían pendentes de amortizar 7.500 € dos lectores de matrícula de entrada e saída adquiridos en 2007 e 2008 respectivamente. De todas formas trátase de bens que se van a poder reutilizar nas instalacións da dársena de autocares, polo que poderían seguir coa amortización normal, sen necesidade de imputalo a perdas.

O prezo da renovación da maquinaria estímase en 170.000 € máis o IVE correspondente.

Tendo en conta o tipo de bens de que se trata, entendemos que un leasing é a fórmula de financiamento máis axeitada, que nos permitirá renovar e actualizar estes bens adaptándoos á evolución tecnolóxica dos equipos existentes no mercado sen efectuar un desembolso inicial.

Deste xeito, en 2016, unha vez posta en marcha a nova maquinaria, só afrontaríamos o pago das cotas do leasing correspondentes.

Renovación da páxina web. No presente exercicio, a sociedade dou importante salto cualitativo no que respecta á información, poñendo en marcha a nova app de maisbus; dita aplicación, que xa se actualizou nunha ocasión, precisa de continuas revisións e posta ao día. En todo caso non debemos caer no erro de descoidar a web nativa de TUSSA, realizada no ano 2008 e con escasas actualizacións, polo que debe ser adaptada ás novas plataformas e sistemas operativos. Non debemos esquecer que en moitas ocasións (sobre todo na información estática e nas incidencias) a app rediríxenos á web, polo que se non contamos cunha web dinámica e adaptada non será atractiva e decaerá por tanto a imaxe do sistema de transporte.

Por outra banda e atendendo ao parágrafo anterior, é necesario a posta en marcha de novas **plataformas de información** e xestión encamiñadas tanto a unha maior participación cidadá como a unha maior capacidade de xestión pola nosa parte que nos permita de xeito intuitivo e sinxelo manter actualizada a tempo real e coa mellor calidade posible a información dos usuarios.

A renovación do *material informático e ofimático, a adquisición dos postes electrónicos, a renovación da páxina web e o desenvolvemento das plataformas de información* adquiriranse con cargo aos recursos propios da empresa.

4. PREVISIÓN DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS PARA O EXERCICIO 2016.

Preséntase o estado previsional da conta de perdas e ganancias para o exercicio 2016, coa comparativa da PyG prevista nos orzamentos de 2015.

Título	2016	2015
	(Debe) Haber	(Debe) Haber
	SALDO ACTUAL	SALDO ACTUAL
A) OPERACIÓNS CONTINUADAS		
1. Importe neto da cifra de negocios.	1.383.576,08	1.295.174,05
a) Ventas.		
b) Ingresos por arrendamentos.		
c) Prestacións de servizos.		
2. Variación de existencias de promocións en curso e edificios construídos.	1.383.576,08	1.295.174,05
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.		
4. Aproveccionamentos .		
a) Consumo de edificios adquiridos.		
b) Consumo de terreos e solares.		

c) Obras e servizos realizados por terceiros.		
d) Consumo doutros aprovisionamentos.		
5. Outros ingresos de explotación.	99.446,48	86.882,48
a) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente.	99.446,48	86.882,48
b) Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio.		
b) Outros resultados - Ingresos excepcionais.		
6. Gastos de persoal.	-869.621,27	-861.011,16
a) Soldos, salarios e asimilados.	-649.911,94	-622.874,88
b) Cargas sociais.	-203.454,31	-195.945,37
c) Provisións.	-16.255,02	-42.190,91
7. Outros gastos de explotación.	-535.220,30	-460.123,89
a) Servizos exteriores.	-497.935,30	-423.108,89
b) Tributos.	-37.285,00	-37.015,00
c) Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais.		
d) Outros gastos de xestión corrente.		
e) Outros resultados - Gastos excepcionais.		
8. Amortización do inmovilizado.	-69.257,87	-49.889,67
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras.		
10. Excesos de provisións.		
11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado.		
a) Deterioros e perdas.		
b) Resultados por enaxenacións e outras.		
A1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	8.923,12	11.031,81
12. Ingresos financeiros.	0,00	2.400,00
a) De participacións en instrumentos de patrimonio.		
a1) En empresas do grupo e asociadas.		
a2) En terceiros.		
b) De valores negociables e de créditos do activo inmovilizado.		
b1) De empresas do grupo e asociadas.		
b2) De terceiros.		2.400,00
13. Gastos financeiros.	400,00	400,00
a) Por débedas con empresas do grupo e asociadas.		
b) Por débedas con terceiros.	400,00	400,00
c) Por actualización de provisións.		
14. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros.		
a) Carteira de negociación e outros.		


b) Imputación ao resultado do exercicio por activos financeiros dispoñibles para a venda.		
15. Diferenzas de cambio.		
16. Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros.		
a) Deterioros perdas.		
b) Resultados por enaxenacións e outras.		
A2) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)	-400,00	2.000,00
A3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A1+A2)	8.523,12	13.031,81
17. Impostos sobre beneficios.		
A4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓN CONTINUADAS (A3 + 17)	8.523,12	13.031,81
B) OPERACIÓN INTERRUMPIDAS		
18. Resultado do exercicio procedente de operacións interrumpidas neto de impostos.		
A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+18)	8.523,12	13.031,81

* O seu signo pode ser positivo ou negativo

O que se informa aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2016

O director xerente,
 Asdo. / *Jose Ramon Mosquera Ferreiro*



PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS PARA O EXERCICIO 2016


DESAGREGACIÓN DOS INGRESOS E GASTOS POR CAPÍTULO

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
3	OUTROS INGRESOS	1.383.576,08 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	99.446,48 €
	<i>Arrendamento Concello</i>	79.491,48 €
	<i>Outros arrendamentos</i>	19.955,00 €
	<i>Total correntes</i>	1.483.022,56 €
	TOTAL ORZAMENTO	1.483.022,56 €

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSOAL	869.621,27 €
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	535.220,30 €
3	GASTOS FINANCEIROS	400,00 €
	<i>Total correntes</i>	1.405.241,57 €
6	INVESTIMENTOS REAIS	77.780,99 €
	<i>Total capital</i>	77.780,99 €
	TOTAL ORZAMENTO	1.483.022,56 €



Asdo. José Ramón Mosquera Ferreiro
 Director Xerente

INFORME

Asunto: cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria da previsión de ingresos e gastos da Sociedade para 2016.

En relación ao que establece o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais; vixente en tanto non contradiga a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e polo que atinxe á Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, SA (TUSSA), informar o que segue:

1. Que TUSSA é unha sociedade de capital 100% municipal que se financia maioritariamente con ingresos comerciais, polo tanto é de aplicación o artigo 4.2 do Regulamento de Estabilidade Orzamentaria (RD 1463/2007) que indica: as restantes entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes das entidades locais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos ou aprobarán as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles sexa de aplicación.

Neste mesmo sentido exprésase a Lei Orgánica 2/2012, que no artigo 3.3 recolle que en relación cos suxeitos aos que se refire o artigo 2.2 da Lei (sociedades mercantís) entenderase por estabilidade orzamentaria a posición de equilibrio financeiro.

2. Pola súa parte, o artigo 24.1 do RD 1463/2007 considera que as entidades comprendidas no ámbito do artigo 4.2 do Regulamento (como é o caso de TUSSA), atópanse en situación de desequilibrio financeiro cando, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte de aplicación, incorran en perdas, cuxo saneamento requira a dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade do artigo 4.1 a quen corresponda aportalos.

Visto o que antecede, a previsión de ingresos e gastos para 2016 aprobada en Consello de Administración do 11 de xaneiro de 2016 está dentro do marco de estabilidade orzamentaria, e polo tanto nunha posición de equilibrio financeiro.

É canto teño a ben informar,

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2016


**O director xerente,
Asdo. José Ramón Mosquera Ferreiro**